



EDUCACIÓN NON PRESENCIAL E COVID-19



Mostras por etapas educativas


- Educación infantil **1.294**
- Educación primaria **2.934**
- ESO **1.131**
- Bacharelato **267**

5626 enquisas



RECURSOS DAS FAMILIAS


Acceso a redes e capacidade de conexión



- ADSL/Fibra **70,26%**
- Internet móbil **18,84%**
- Internet rural **9,60%**
- Sen acceso a internet **1,30%**

Un **29,72%** NON ten un acceso a internet con capacidade para videoconferencia e formación virtual

Acceso a medios informáticos



- Ordenador propio do alumno **18,50%**
- Ordenador familiar compartido **61,77%**
- Ordenador cedido polo centro ou outros **6,47%**
- Outros dispositivos portátiles (móviles, tabletas) **49,91%**
- Non hai equipos informáticos na familia **1,87%**

Porcentaxe individual respecto do total da mostra (Admitíanse respostas múltiples)


Só o **18,51%** dos alumnos empregan ordenador propio.

Un **61,78%** empregan un ordenador compartido co resto da familia. En caso de teletraballo dalgún proxenitor, estamos ante unha situación de incompatibilidade se coinciden horario escolar e laboral

RECURSOS DAS FAMILIAS

Espazos de traballo na vivenda

Espazo común
21.1%



Espazo independente
78.9%

Un **21,1% NON** ten un espazo propio de traballo, polo que se emprega o espazo común de convivencia familiar

Comentarios das familias

Nos Seixiños, pobo de Dena Meaño, non temos fibra, temos un internet móbil, que se carga con gigas, con dous fillos con clases on line, estou nun gasto de 40€ en internet, estamos co negocio pechado, sen gañar, con todos os gastos e con 22 € a maiores de internet, pra dar clases de repaso onde os nenos non están aprendendo absolutamente, nada, nada de nada.

"Non todos temos dous ordenadores na casa que poidamos compartir, polo que é complicado adaptar os horarios"

"Ao non dispor dun ordenador fáisenos complicado facer as tarefas"



"Temos internet pero funciona moi mal, hay que enviar as cousas varias veces, cólgase"

"No meu caso non teño internet no lugar onde estamos e resúltame complicado levar todo ao día"

"Non temos ordenador na casa e é moi difícil co móbil ver os contidos dunha páxina completa. A páxina da Xunta vai fatal, só pódese ver o de inglés porque é no correo privado da profesora"

RECURSOS DOCENTES

Medios empregados para impartir formación non presencial




O taboleiro do web do centro e o correo electrónico son a ferramenta **maioritaria** para proporcionar contidos docentes ao alumnado

RD 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Art. 13 poderá procederse ao tratamento dos datos dos maiores de catorce anos co seu consentimento, excepto naqueles casos nos que a Lei esixa para a súa prestación a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela. **No caso dos menores de catorce anos requerirase o consentimento dos pais ou titores**

RECURSOS DOCENTES

Horario de traballo do alumno




- Mesmo horario que nas clases presenciais **17,06%**
- Horario distinto respecto do período lectivo pero o mesmo todos os días **49,41%**
- Horario completamente distinto respecto ó das clases presenciais **33,52%**

Horas/día adicadas ao traballo escolar


4º a 6º educación infantil

"Póñenlle moitos deberes para unha semana"



1º a 3º educación primaria


"Demasiada materia, tendo en conta que están encerrados na casa, cansos e por suposto que non lles apetece estudar as mesmas horas que no cole, ademais de que precisan axuda da familia constantemente"



4º a 6º educación primaria

"Demasiado traballo e non adaptado"

"A carga de traballo é excesiva, desproporcionada"




RECURSOS DOCENTES

Horas/día adicadas ao traballo escolar

1º e 2º ESO


"Considero excesivo todo o traballo que lle están mandando facer @s nos@s fill@s."

"Demasiados exercicios, para un ordenador compartido entre catro persoas."



3º a 4º ESO


"Non se pode pretender bombardealos dese xeito, isto é unha saturación, envían documentación por diversos medios e xa non sabes onde mirar."



1º a 2º bacharelato

"Explicacións moi escasas e un traballo excesivo que non se asemella o traballo en clase."





"A miña filla ten dislexia e TDAH e ninguén atende iso"




- **Incremento** constante das horas de traballo segundo avanzamos nas etapas educativas
- Na ESO e bacharelato a porcentaxe de alumnos que empregan **5 horas ou máis** ao día é extraordinariamente **alta**
- Os comentarios dos pais constatan unha **desconexión** entre os profesores e os alumnos, sendo a maioría das propostas educativas **unidireccionais**
- As familias atópanse con **dificultades** importantes para facer **seguimento** do traballo dos fillos
- En moitos casos, son as **familias** as que exercen de **docentes** dos seus fillos a través dos contidos que lles chegan dende as diversas canles

RECURSOS DOCENTES

Frecuencia coa que se reciben contidos docentes




Tipo de contidos impartidos



RECURSOS DOCENTES

Resolución de dúbidas por parte dos docentes




Pódense resolver dúbidas en todas as asignaturas

Pódense resolver dúbidas nalgunhas asignaturas

Non é posible resolver dúbidas en ningunha asignatura

- Un **44,8%** dos alumnos **NON** poden resolver dúbidas en todas as asignaturas

Corrección dos traballos realizados polos alumnos



En todas as asignaturas


Nalgunhas asignaturas

Non hai corrección en ningunha asignatura

- Un **49,3%** dos alumnos **NON** ten comprobación do traballo feito en ningunha asignatura

RECURSOS DOCENTES


Avaliación dos contidos impartidos



En todas as asignaturas


Nalgunhas asignaturas

Non hai corrección en ningunha asignatura




87.3%

Educación infantil




87.1%

Educación primaria



ESO



Bacharelato

- Un **21%** de familias sinalan que lles **ESTÁN** avaliando o traballo do periodo de corentena, aínda que a instrución da Consellería de Educación indica que estes non son avaliáveis

RECURSOS DOCENTES

Comentarios das familias

"O ritmo das tarefas non pode ser igual que estando igual nas aulas, hai que ter en conta a situación emocional do alumnado e a súa familia".

"É moi difícil levar un curso adiante sen un referente que explique os temas cando os pais non somos docentes"

"Creo que é moi complicado facer exercicios sin ter unha explicación do profesorado, sobre todo nalgunhas asignaturas. As clases virtuais deberían ser obrigadas, e non simplemente ter a posibilidade de comunicarte co profesor. Aínda que iso ten unha dificultade engadida no medio rural no que nos atopamos".

"As mensaxes a través do abalar con links a dropbox non sempre se poden abrir. Non me parece un método axeitado de enviar contidos. E o contacto cos profesores é demasiado tedioso"

"Non se pode acceder ás páxinas onde colgan os exercicios e non podemos saber si avalían as actividades da casa nin consultar dúbidas porque non é posible comunicarse co titor"

"Gustaríanos recibir vídeos explicativos sobre os contidos novos do alumno."

"Bótase en falta un criterio único que homologue os sistemas empregados e permita un axeitado avance na formación máis aló de exercicios repetitivos. Docencia aproveitando os medios vs dictado de tarefas por métodos telegráficos. Os nenos manexan os medios máis e mellor que os profes. A consellería a velas vir..."


"O alumno non fai videoconferencia, ou método directo de contacto co profesor e compañeiros, a nivel académico."

"Cada profesor fai o que lle parece. Non teñen un criterio común nin se adaptan aos nenos. Marcan prazos e que lles envíe a tarefa, pero nunca envían unha corrección"


"As mensaxes a través do abalar con links a dropbox non sempre se poden abrir. Non me parece un método axeitado de enviar contidos. E o contacto cos profesores é demasiado tedioso"

VALORACIÓN DAS FAMILIAS


Necesidad de axuda familiar para entender os contidos e resolver as actividades




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato


Adecuación do ritmo dos contidos académicos enviados aos alumnos




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato

VALORACIÓN DAS FAMILIAS


¿Teñen as familias instrucións directas do centro educativo para este periodo?



Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato


¿É accesible o titor do alumno?



Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato

VALORACIÓN DAS FAMILIAS


Dificultades de conciliación das familias derivadas da formación non presencial




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato


Dificultades do alumnado respecto das actividades docentes propostas




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato

VALORACIÓN DAS FAMILIAS


Grao de aceptación das actividades propostas




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato


Valoración do gasto económico necesario para adaptarse ás actividades propostas




Educación infantil



Educación primaria




ESO




Bacharelato

VALORACIÓN DAS FAMILIAS


Valoración global conxunta do período de formación a distancia




Educación infantil




1º-3º educación primaria




4º-6º educación primaria



1º-2º ESO



3º-4º ESO



Bacharelato

- As notas medias de valoración son, por etapas:
 - Infantil: **2,85**
 - Primaria: **2,75**
 - Eso: **2,70**
 - Bacharelato: **2,46**
- A nota global da valoración das familias sobre o funcionamento do proceso educativo nesta etapa de confinamento é de **2,75**

VALORACIÓN DAS FAMILIAS

Comentarios das familias

"Non sabemos ata que punto é avaliable o traballo que está a desenrolar o alumno. E creemos que vai ser complicado que a materia dada de modo virtual, sen ver explicación, sexa asentada polo alumno".

"É moi complicado, o temario teñen que estudalo, sen explicacións, imprimir a tarefa, correxila eles, enviarlla aos profes, e dependendo do profe, vai por unha vía ou por outra. E tes que saber empregar informática para todo isto, senón botar horas e horas ata conseguilo, perdendo tempo para a materia. Os nenos fan de profe e de alumno. Tendo en conta que NON poden ser libres".

"Consideramos moi importante a labor profesional dos profesores/as, que de un día para outro tiveron que prepararse para ofrecer unha teleformación coa que non se contaba e así conseguir e permitir que a rapazada poida seguir cunha rutina educativa adaptada á situación que vivimos e que lle permita evadirse un pouco da realidade de confinamento na que nos atopamos. Moitas grazas de novo ao profesorado. Un saúdo".

"Unha programación de actividades pouco homoxénea por parte do profesorado. Algún profesor entrégalles moito traballo, incluso avanza temas, e outros sen nada de traballo".

"Penso que deberían ser clases online, é dicir, clases virtuais, onde o profesor explique contidos novos e actuais. Así os alumnos están máis centrados na asignatura, porque estar facendo todos os días deberes sen a supervisión do profe é inútil, e cóstalles centrarse ao estar nun ambiente tan diferente ao da escola. Creo que de cara aos próximos anos debe plantexarse unha reforma educativa, onde se conte coa posibilidade de gravar as clases en forma de videoconferencia, incluso para que os alumnos teñan a man a información cando estén convalescentes. Ou como recurso educativo para os temas, xa que neso os pais pouco podemos aportar".

"Pouca centralización dos contidos. Cada un á súa guerra. A alumna ten que consultar moitos sitios diferentes para saber qué ten que facer. Temos tres fillos e, entre blogs, instagram, moodle, edixgal, aula virtual, correo electrónico, abalar (pais), páxinas dos centros... Perdemos moito tempo. De 3 nenos, todo o que teñen que traballar é impreso, excepto dúas asignaturas".

"Como nai traballadora fáiseme moi difícil compaxinar horarios de traballo coas tarefas e estar ao día. Para certas cousas necesita axuda para descargar e resolver as tarefas no ordenador e non son moi experta en informática. Preocúpame como van a valorar os traballos os profes..."

CONCLUSIÓNS

- Case un **30% NON** dispón de **acceso á rede** coa capacidade suficiente para poder acceder a contidos audiovisuais, necesarios para o emprego de plataformas avanzadas de formación non presencial
- Un **63%** das familias dispoñen de **UN só ordenador compartido** por toda a familia, ou mesmamente **NON** teñen **medios informáticos**
- Nun **37%** de casos os alumnos **NON** teñen unha **estancia propia** para traballar, o que obriga ás familias a modificar continuamente o espazo de convivencia
- Existe unha **enorme disparidade** de **medios empregados** para facer docencia, non só entre centros, senon mesmamente dentro de cada centro. Os recursos máis empregados son o **correo electrónico** e o **taboleiro web do centro**
- **Pouca penetración** de **ferramentas específicas de formación non presencial** que garanten a bidireccionalidade do proceso educativo e permiten a participación activa dos alumnos
- O emprego de **redes sociais** como **instagram, telegram, whatsapp**, e mesmamente o **correo electrónico**, **NON** está permitido para rapaces menores de **14 anos** segundo o regulamento da Lei de protección de datos persoais, pero no entanto estase empregando masivamente
- Existe unha **carga de traballo moi heteroxénea**, pero en liñas xerais **incrementábase** segundo se avanza nas etapas educativas. A enquisa constata que unha gran maioría de rapaces da ESO en adiante emprega diariamente **máis de 5 horas ao día** no desenvolvemento dos contidos pedagóxicos diarios
- A posibilidade de acceder ao profesorado para **resolver dúbidas** ou manter titorías cos alumnos **NON** é posible **polo menos nalgunha asignatura** nun **45%**. Só se **corrixe** a totalidade do traballo realizado nun **22%**
- As familias con **alumnado de necesidades especiais** presenta unha **falta de atención xeneralizada** segundo se desprende dos comentarios que recibimos na enquisa
- Un **40%** de familias **NON** recibiron **ningunha instrución directa** do centro sobre como desenvolver este período académico e acceder aos contidos docentes

CONCLUSIÓNS

- Para a maioría de familias esta situación de formación non presencial está supondo un **problema importantísimo de conciliación familiar**. Os atrancos veñen polo **emprego dos recursos familiares materiais e humanos** para resolver os problemas derivados da inconsistencia e variabilidade do labor docente, a **colisión de horarios laborais cos académicos** e a **necesidade dos pais de actuar como docentes** para suplir a falta de bidireccionalidade
- En termos xerais hai unha **aceptación maioritaria dos tipos de contidos** propostos aos alumnos e **do ritmo** imposto polos docentes, previo ao número de horas necesarias para resolver as tarefas. No entanto, un **43%** de alumnos están recibindo materia nova, e outro **22%** está sendo **avaliado**, aínda que a instrución da Consellería de Educación indica claramente que os contidos serán ordinarios e este tramo non será avaliable
- Existe unha **demanda xeneralizada** para que se **empreguen plataformas e ferramentas específicas de teleformación**, especialmente nos niveis superiores da escala educativa, que permitan aos alumnos interactuar e **participar activamente** no proceso educativo, en vez de unicamente actuar como receptores de tarefas das que despois non teñen ningún feedback
- Tamén pode dicirse que, aínda tendo en conta todas as dificultades que están a atopar as familias e o alumnado nos ámbitos nos que se lles pregunta nesta enquisa, hai unha valoración global que **NON** expresa un **rexeitamento absoluto** do proceso. En realidade, o que entendemos é que se puideran resolverse os aspectos tecnolóxicos (acceso a redes, material informático suficiente, preparación previa do alumnado e das familias, emprego de ferramentas específicas de teleformación) é posible a formación a distancia, sempre que se adapten contidos e metodoloxía
- De cara ao **terceiro trimestre**, e tendo en conta o revelado nesta enquisa, en **CONFAPA Galicia** entendemos que **NON** é posible facer un proceso de avaliación dos contidos académicos que poidan desenvolverse nese período. A educación pública debe ser **UNIVERSAL**, e neste contexto esta premisa constitucional **NON** se cumpre.

**POR PARTICIPARDES
NA ENQUISA**

¡¡GRAZAS!!

www.confapagalicia.org